



RESUMO DO INFORME CLIMATOLÓXICO ANUAL 2024

ÍNDICE

ÍNDICE1

1	INTRODUCCIÓN.....	2
2	DESCRICIÓN DO ANO 2024 EN GALICIA POR MES	3
2.1.	Xaneiro	3
2.2.	Febreiro.....	4
2.3.	Marzo.....	5
2.4.	Abril.....	6
2.5.	Maio	8
2.6.	Xuño.....	9
2.7.	Xullo	10
2.8.	Agosto.....	12
2.9.	Setembro	13
2.10.	Outubro.....	15
2.11.	Novembro	16
2.12.	Decembro.....	17
3	BALANCE DA TEMPERATURA NO ANO 2024 EN GALICIA	20
3.1.	Temperatura media anual das máximas.....	25
3.2.	Temperatura media anual das mínimas	26
3.3.	Anomalía media anual da temperatura media	27
4	BALANCE DA PRECIPITACIÓN NO 2024 EN GALICIA.....	28
4.1.	Precipitación media anual acumulada	32
4.2.	Anomalía da precipitación media.....	33
5	EVOLUCIÓN DA TEMPERATURA MEDIA ANUAL NO PERÍODO 1961-2024	34
6	EVOLUCIÓN DA PRECIPITACIÓN MEDIA ANUAL NO PERÍODO 1961-2024	35

Data edición: 16/01/2024

2024 extremadamente cálido e húmido**1 INTRODUCCIÓN**

Neste documento preséntanse unha descrición climatolóxica do ano 2024, a cal será ampliada no informe completo que será publicado nas próximas datas. Así, faise un resumo mensual dos aspectos máis destacados e analízanse os datos de temperatura e precipitación e a súa evolución no tempo, considerando o período de referencia 1981-2010.

Se falamos de temperatura media, enténdese por anomalía a diferenza entre a temperatura media deste ano e o valor climático obtido con respecto ó período de referencia 1981-2010. Para a variable precipitación enténdese por anomalía a porcentaxe da precipitación acumulada no ano respecto do valor da media climática correspondente.

A serie rexional empregada nos distintos cálculos consta de 11 estacións para a temperatura e 16 estacións para a precipitación distribuídas por toda Galicia.

Cando falamos das anomalías de presión estamos a comparar co período de referencia 1991-2020.

2 DESCRICIÓN DO ANO 2024 EN GALICIA POR MES

2.1. Xaneiro

O mes de **xaneiro** quedou claramente dividido en dúas partes. Os primeiros 20 días foron bastante típicos desta época do ano, con chegada frecuente de borrascas, puntuadas con entradas de aire frío. Pero nos derradeiros 10 días do mes as altas presións foron protagonistas, deixando tempo seco e, ademais, atraendo aire cálido, polo que as temperaturas foron elevadas para un mes de xaneiro. Isto fai que a **precipitación** acumulada estea moi preto da **normalidade**, pero que a **temperatura media** sexa elevada, resultando un mes **cálido**.

Así, o primeiro día do mes comezaba nunha situación de relativa tranquilidade pero con perspectivas de empeoramento, xa que a borrasca *Henk* nos afectou o día 2 con fortes ventos e intensas chuvias. O día 3, continuaron os ventos do suroeste e as chuvias, pero xa con menor intensidade e o día 4 chegaba un novo sistema frontal. A peculiaridade é que esta fronte arrastraba aire frío, facendo descender a cota de neve por debaixo dos 1000 metros durante a noite do día 4 e na xornada do 5.

As xornadas do 6 e do 7 foron anticiclónicas, con tempo seco pero moi frío. Xa o día 8, aínda con valores baixos nos termómetros, comezaban a achegarse de novo as borrascas, polo que se produciron precipitacións pola tarde en forma de neve por baixo dos 1000 metros. Esta situación inestable, con aire frío e cota de neve por momentos por baixo dos 1000 metros, continuou tamén os días 9 e 10.

As xornadas do 11 e o 12 quedaban bastante tranquilas, na influencia anticiclónica, pero xa na tarde do 13 quedabamos na influencia da borrasca *Hipólito*, que deixaba na tarde do 13 e durante a xornada do 14 unha situación de temporal de vento do sur, o que impulsaba as temperaturas cara arriba, e chuvias intensas. Durante os días 15 e 16, continuaba a inestabilidade, con vento e chuvia de menor intensidade.

Pero a situación volveu deteriorarse na xornada do 17 co paso da borrasca *Irene*, quedando o día 18 con menor grao de inestabilidade. E aínda quedaba outra borrasca con nome propio neste mes, o día 19, a borrasca *Juan*, pero apenas afectou a Galicia. Soamente contribuíu a que tivésamos unha entrada de aire frío que na madrugada do 20 deixaba xeadas xeneralizadas, mesmo a nivel do mar.

E a partir dese momento dous anticiclóns consecutivos leváronnos ata o final do mes. Soamente na xornada do 29, rexistráronse algunhas chuvias moi febles na metade oeste no cambio dun anticiclón por outro. Cómpre destacar que estas altas presións viñeron acompañadas por aire cálido, polo que as temperaturas acadaron valores elevados, superándose con frecuencia os 20°C de máxima en diferentes días e lugares de Galicia.

2.2. Febreiro

Febreiro quedou caracterizado por dous períodos anticiclónicos, a principios e mediados do mes, e dous de inestabilidade intercalados entre os anticiclónicos. Ademais, os anticiclóns chegaban con aire cálido e os períodos de inestabilidade, agás días moi concretos, non foron moi fríos aínda que si moi húmidos. Isto fai que o mes teña **temperaturas** en media moi elevadas con respecto ao valor climático, considerándose un mes **moi cálido**, pero ao mesmo tempo sexa un mes con máis **precipitacións** do que cabería agardar, resultando un mes **moi húmido**.

Así, os primeiros seis días do mes foron plenamente anticiclónicos, coas altas presións sobre Galicia ou ao norte da península Ibérica, aportando estabilidade e aire cálido procedente do sur. Tivemos, polo tanto, tempo seco, soleado, aínda que con néboas en vales do interior, e temperaturas baixas de madrugada, pero elevadas nas horas centrais do día.

O día 7 foi de transición, con ventos que cambiaban a compoñente sur e un aumento das nubes que facía descender as temperaturas e deixaba as primeiras precipitacións do mes na metade oeste. Xa na xornada do 8, Galicia quedaba na influencia da borrasca *Karlotta*, que ocasionaba un temporal moi duro de chuva, con rexistros superiores aos 100 mm, e de vento, co refacho máis intenso rexistrado nunca na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia: 202 km/h en Penedo do Galo, no concello de Viveiro. O día 9 quedou una xornada de chuva e vento, pero menos intenso que no día anterior, e o día 10 entraba aire frío, polo que os chuvascos foron de neve en cotas por baixo dos 1000 metros.

No período entre o 11 e o 14, quedabamos nunha situación intermedia entre altas e baixas presións, con algunhas chuvias, principalmente polas mañás na zona oeste, e un ambiente moi suave, con temperaturas elevadas na xornada do 14. Pero os termómetros descendían novamente ao día seguinte cadrando co paso dun sistema frontal.

O día 16 foi de transición cara unha situación anticiclónica que se mantería ata o día 21, unicamente interrompida por unha fronte moi pouco activa e que afectaba á metade norte na xornada do 18. O máis salientable deste período entre o 16 e o 21 foron as elevadas temperaturas, con valores máximos que superaban de xeito bastante xeneralizado os 20°C.

O día 22 a situación cambiou bruscamente pola chegada dunha profunda borrasca que deixaba vento e chuvia e arrastraba aire frío, polo que o máis salientable do día 23 foi a neve, que de novo volveu caer con intensidade en cotas por debaixo dos 1000 metros. O 24 a situación foi algo máis tranquila, con menos chuvascos, pero o 25 unha nova borrasca moi activa chegaba a Galicia, deixando chuvias intensas e xeneralizadas e traendo novamente aire frío, polo que, o día 26, os chuvascos viñan acompañados de sarabia e eran de neve por riba dos 700-800 metros.

Os días 27 e 28, quedamos nunha situación intermedia, sen apenas chuvia e con certa recuperación das temperaturas, pero o mes remataba o día 29 co paso dun sistema frontal pola mañá e, polo tanto, con chuvias xeneralizadas e posterior descenso de temperatura pola tarde.

2.3. Marzo

O mes de **marzo** quedou dividido, dende o punto de vista meteorolóxico, en tres partes diferenciadas. A primeira e a última foron períodos con predominio de borrascas, fríos e húmidos. A mediados do mes, tivemos un período de tempo seco e cálido, pero que non foi quen de contrarrestar as anomalías negativas do primeiro e último período. Isto fai que o mes teña unhas temperaturas medias lixeiramente por debaixo dos valores climáticos, mentres que as precipitacións están claramente por riba, cualificándose, así, o mes como **lixeiramente frío e moi húmido**.

Así, nos primeiros catro días do mes, a inestabilidade foi protagonista, con precipitacións intermitentes pero, por momentos, de forte intensidade na mañá do día 2 e temperaturas baixas, quedando a cota de neve por baixo dos 1000 metros de altitude.

Durante os días 5 e 6, unha cuña anticiclónica conseguiu deixar dous días de tempo seco e apracible, cunha certa recuperación das temperaturas, pero, xa o día 7, unha nova borrasca deixaba un episodio importante de vento e chuvia que tería continuidade nas seguintes xornadas, con inestabilidade pronunciada ata o día 10. Cómpre destacar a xornada do 9 como

a máis desapracible, na que Galicia quedaba baixo os efectos da borrasca *Mónica*, con chuva, neve e forte temporal no mar.

A xornada do 11 foi de transición, coas altas presións entrando novamente en Galicia, manténdose as temperaturas baixas para a época do ano. Os días 12 e 13 quedaron caracterizados pola estabilidade, con tempo seco e ascenso das temperaturas diúrnas, pero esta situación viuse temporalmente interrompida o 14 coa chegada dunha borrasca, que deixaba algunhas precipitacións, aínda que non moi cuantiosas.

Tivemos, seguidamente, dúas xornadas, 15 e 16, con tempo seco, quedando o 17 nunha situación intermedia, con algúns chuvascos no oeste, pero ascenso de temperatura.

A semana entre o 18 e o 24 quedou caracterizada polas altas presións e o tempo seco. Cabe destacar a formación, non moi lonxe de Galicia, dunha DANA na xornada do día 20, que se desprazou rapidamente cara ao sur, situándose entre o Golfo de Cádiz e as Illas Canarias nas xornadas de 21 e 22. Dende esa posición, enviou unha masa de aire moi cálido procedente do norte de África que deixou temperaturas moi elevadas polas tardes, superándose os 30°C en puntos de Ourense na tarde do 21. O tempo estable mantívose os días 23 e 24, pero xa con ventos do norte, o que deixaba un claro descenso das temperaturas.

O día 25, chegaba unha borrasca fría que deu inicio a unha derradeira semana do mes con predominio de tempo húmido e frío. Os días 25 e 26 foron especialmente fríos, con neve por riba dos 500 metros na xornada do 26. E dende o 27 ata o 31, a borrasca *Nelson*, moi lonxeva, deixaba moita inestabilidade. Neste caso, destaca a propia xornada do 27, na que ademais de chuvias xeneralizadas e por momentos fortes, tivemos tamén ventos moi intensos, superándose os 100 km/h en moitos puntos do litoral e en zonas altas do interior.

2.4. Abril

O mes de **abril** quedou caracterizado por tres períodos diferentes. Ao principio e ao final do mes, a inestabilidade e as borrascas, acompañadas de aire frío, foron a principal característica, pero no medio tivemos un intervalo de dúas semanas nas que o anticiclón se situou ao norte, deixando tempo seco e soleado e, sobre todo, achegando aire cálido desde o sur. Esta duradeira situación de aire tan cálido a mediados do mes fai que, en media, a **temperatura** estea moi por riba do valor climático nun mes de abril, considerándose un mes **moi cálido**. No que se refire á **precipitación**, os períodos de tempo seco lograron compensar

os períodos húmidos, polo que os acumulados se atopan, en xeral, **dentro do agardado** nun mes de abril.

O mes daba comezo coa chegada dunha borrasca que deixaba precipitacións xeneralizadas e ventos intensos en toda a Comunidade, situación que tivo continuidade o día 2. A xornada do 3 foi intermedia e, polo tanto, algo máis tranquila.

Pero, durante os días 4 e 5, Galicia sufría os efectos das borrascas *Olivia* e *Katheleen*, respectivamente, repetíndose a situación de temporal, principalmente de vento, pero, tamén, con precipitacións puntualmente intensas.

O día 6, tivemos algúns chuvascos, con tendencia a remitir pola tarde, quedando o día 7 a atmosfera máis estable e polo tanto un día de tempo seco. Pero aínda quedaba a borrasca *Pierrick*, o día 8, que deixaría vento, chuvia e, desta volta, tamén, frío.

O día 9, pola contra, comezaba unha situación protagonizada polas altas presións, que quedaron preto da nosa Comunidade, con variacións na súa posición, ata o día 24. Así, o día 9, as temperaturas aínda foron algo baixas, principalmente as mínimas, pero as altas presións movéronse rápido cara ao norte, atraendo aire cálido procedente de África e ocasionando, desta maneira, un brusco incremento nas temperaturas, as cales, a partir do 11, se achegaban a valores superiores aos 30°C en zonas do sur e aos 25°C en boa parte do resto do territorio.

Esta situación persistiu ata o día 14, aínda que nesta xornada comezamos a notar un descenso dos valores no terzo norte. Este descenso fíxose algo máis patente no resto da Comunidade nas xornadas do 15, 16 e 17, cando persistía o anticiclón pero o vento do nordés achegaba aire algo máis frío.

Este vento comezou a ceder na xornada do 18 e ocasionou un novo incremento nas temperaturas, principalmente na metade sur, onde entre o 18 e o 21 se superaban con certa amplitude os 25°C. As altas presións aínda predominaron nas xornadas do 22, 23 e 24, pero xa con termómetros claramente á baixa e sensación xeral de frío polo vento de compoñente norte.

De novo, o día 25, comezamos a notar os efectos doutra borrasca, con precipitacións febles e un novo descenso de temperatura. Esa borrasca tivo especial incidencia os días 26 e 27, con precipitacións xeneralizadas e localmente intensas que, ademais, durante a mañá do 27,

foron de neve por riba dos 500 metros de altitude na provincia de Lugo. Xa pola tarde, a temperatura foi subindo para quedar, o día 28, en valores máis normalizados.

Durante o día 29, as altas presións entraron en Galicia de xeito transitorio e, xa na derradeira xornada do mes, o día 30, unha nova borrasca visitaba a Comunidade traendo consigo precipitacións xeneralizadas, máis significativas nas provincias atlánticas.

2.5. Maio

O mes de **maio** quedou caracterizado, en xeral, pola influencia das baixas presións, que achegaban aire frío e inestabilidade. Soamente tivemos dous períodos breves na segunda e na última semana do mes nas que se impuxo a estabilidade. Isto fai que o mes acumule **precipitacións** bastante por riba das que cabería agardar nun maio normal, considerándose un mes **moi húmido**, mentres que a **temperatura media** quedou algo máis achegada á normalidade, aínda que algo por debaixo, xa que as elevadas temperaturas dos dous períodos anticiclónicos puideron cancelar en parte as anomalías negativas dos períodos de borrasca, resultando un mes **(lixeramente) frío**.

Así, o mes comezaba con dúas xornadas coa atmosfera moi inestable pola presenza de aire frío en altura. O máis destacado das xornadas do 3 e o 4, foi a chegada dunha borrasca activa cun río atmosférico que deixaba cantidades de chuvia acumulada que no oeste da provincia da Coruña mesmo superaban os 100 l/m².

A xornada do 5 foi de transición, con temperaturas aínda baixas e algunha chuvia, pero xa de tipo feble e ocasional, quedando Galicia nunha situación anticiclónica entre os días 6 e 9, con temperaturas algo elevadas durante as tardes.

Xa nos días 10 e 11, o anticiclón comezaba a debilitarse pola entrada de aire frío en altura. Isto deixou tormentas no interior polas tardes e tamén entrada de néboas no litoral durante a xornada do 11.

A partir do día 12, de novo as baixas presións comezaron a achegarse a Galicia deixando tempo húmido e con temperaturas baixas a partir do día 13. Un período de inestabilidade que se prolongaría ata a xornada do 22 caracterizado polos chuvascos e as baixas temperaturas para a época do ano. Dentro dese período, o tramo con maior cantidade de chuvia e temperaturas máis baixas deuse ao principio, entre o 13 e o 18, quedando o período posterior aínda con temperaturas curtas e chuvias, pero xa non tan intensas nin xeneralizadas.

A xornada do 23 foi de transición cara ao anticiclón, xa soamente con algunha chuvia moi ocasional, pero aínda con temperaturas baixas. O 24 foi un día de estabilidade, con tempo seco e soleado, pero non tivo unha longa duración, xa que o 25 unha fronte fría pouco activa deixaba aumento das nubes e chuvias febles pola tarde.

As altas presións recuperábanse na xornada do 26 e xa nos acompañaron ata a derradeira xornada. Foron, polo tanto, 6 días de tempo seco, cun importante ascenso de temperatura, especialmente na metade sur. No norte, os valores quedaron algo máis contidos, especialmente nas xornadas do 30 e o 31, cando o nordés comezou a soprar con certa intensidade.

2.6. Xuño

O mes de **xuño** amosa valores, tanto en temperatura como en precipitación medias, moi próximos aos climatolóxicos, cualificándose como un mes **normal na temperatura e (lixeramente) húmido na precipitación**. Isto débese a que tivemos unha primeira e derradeira semanas cálidas e secas e dúas semanas no medio do mes algo máis frías e húmidas, polo que as anomalías quedaron moi compensadas entre estes dous períodos.

Así, nos primeiros tres días do mes, as altas presións e os ventos de compoñente norte deixaron máis temperatura no sur, pero, en xeral, o tempo seco e soleado caracterizou toda a Comunidade. Durante os días 4 e 5, as altas presións continuaban sobre Galicia, pero o vento do nordés perdía intensidade, polo que comezaron a entrar néboas dende o mar que deixaron temperaturas algo máis baixas polo litoral.

O día 6, fortalecíase, novamente, o vento do nordés, pero tamén ía achegándose unha zona de aire frío en altura que nas xornadas do 7 e o 8 deixaba inestabilidade, con tormentas no interior chuvascos polo litoral. Ademais, esta situación ocasionou un importante descenso térmico na xornada do 8.

Entre as xornadas do 9 e do 12, tivemos unha situación marcada pola entrada en forma de cuña das altas presións dende os Azores, o que deixaba ventos do norte que mantiveron os termómetros en valores baixos para a época do ano, en particular na metade norte da Comunidade, onde as nubes foron en moitos momentos protagonistas.

O día 13, unha fronte conseguía chegar polo oeste, deixando algunhas chuvias febles pola tarde. Nas seguintes tres xornadas, os ventos de compoñente oeste deixaban nebulosidade

abundante, moita humidade, temperaturas en valores baixos para un mes de xuño e algunhas chuvias de carácter feble, algo máis frecuentes nas comarcas atlánticas.

Xa o día 17, o achegamento dunha borrasca atlántica deixaba unha xornada case de outono, con chuvias que, en moitos puntos de Pontevedra e sur da Coruña, foron persistentes e de intensidade moderada. Nos seguintes 3 días, a inestabilidade foi predominante, con chuvias que, no interior, acadaban intensidade puntualmente forte e tiñan un carácter tormentoso.

Nas xornadas do 21 e 22, remitía esta inestabilidade, pero os ventos do oeste deixaban aínda moita humidade que se transformaba en nubes baixas que polas tardes tendían a ir desaparecendo.

E non foi ata a xornada do 23, cando as altas presións entraban dun xeito máis decidido sobre Galicia, aínda que os ventos de compoñente norte deixaban algo de nebulosidade no litoral de Lugo e norte da Coruña. No resto de Galicia, os ceos foron quedando abertos e as temperaturas experimentaron un progresivo ascenso.

Pero a situación plenamente anticiclónica tivo unha curta duración, xa que a partir do día 26, a presenza dunha nova zona de aire frío sobre Galicia deixaba inestabilidade e tormentas localmente fortes no interior. Unha situación que remitiu nos dous últimos días do mes, cando aumentaron as nubes, descenderon as temperaturas e, na xornada do 30, se rexistraron precipitacións irregularmente repartidas e, localmente, de certa intensidade.

2.7. Xullo

O mes de **xullo** tivo dúas partes bastante diferenciadas. Tivemos unha quincena no medio do mes, entre os días 6 e 20, na que as temperaturas foron curtas para a época do ano e se produciron algúns episodios de chuvia, pero ao principio do mes e, sobre todo, nos últimos dez días, as temperaturas foron moi elevadas. Isto fai que o mes, en global, quede cunha anomalía positiva de **temperatura**, considerándose como **moi cálido**, mentres que as **precipitacións** que caeron nesa quincena intermedia son suficientes para que o mes resulte **normal**.

Así, durante os primeiros cinco días, tivemos unha situación con poucos cambios, coas altas presións nos Azores entrando en forma de cuña sobre a península Ibérica, o que deixaba algunhas nubes durante as mañás, especialmente na metade norte, pero tardes solleiras,

con temperaturas propias do mes de xullo, agás na xornada do día 4, cando se superaron os 35°C no sur de Pontevedra e puntos de Ourense.

Esta situación rematou na xornada do día 6 coa chegada dunha fronte dende o Atlántico que deixaba nubes, descenso das temperaturas e algunhas chuvias no norte e oeste da Comunidade. As altas presións entraban de novo transitoriamente na xornada seguinte, deixando tempo soleado pola tarde, pero con temperaturas baixas.

Pero, o día 8, achegábase unha borrasca que foi deixando aumento das nubes a medida que avanzaba o día, con chuvias xa durante a noite e na madrugada do 9. Foron precipitacións xeneralizadas e por momentos de intensidade moderada.

Nas seguintes dúas xornadas, 10 e 11, as situacións foron intermedias entre altas e baixas presións, polo que tivemos días de temperaturas algo curtas para a época do ano con ceo parcialmente nubrado. O anticiclón conseguiu impoñerse lixeiramente os días 12 e 13, deixando tempo seco, bastante soleado pola tarde, aínda que non con moita temperatura.

Pero foi un dominio efémero, xa que, o día 14, de novo as baixas presións achegábanse a Galicia cunha fronte moi activa que atravesou a Comunidade na noite desta xornada e na madrugada do día 15, con cantidades importantes de chuva que mesmo motivaron un aviso amarelo por chuva intensa na metade oeste. Xa nas horas diúrnas do día 15 e na xornada do 16 vivimos unha transición cara ás altas presións e a estabilidade, condicións que estiveron presentes no período entre o 17 e o 19.

O día 20, aínda quedaba unha derradeira fronte por chegar a Galicia que deixaba chuvias febles, principalmente pola mañá.

A xornada do 21 foi de recuperación anticiclónica, pero a entrada de aire frío do día anterior impedía que as temperaturas ascendesen, aínda que os ceos foron quedando despexados pola tarde. Este anticiclón foi achegando aire cálido e as temperaturas si foron elevadas nos tres seguintes días, especialmente na xornada do 23, cando varios puntos de Pontevedra e Ourense superaban os 40°C. As temperaturas tiveron un lixeiro descenso entre os días 25 e 27, aínda que o tempo continuou sendo o propio do verán con tardes solleiras.

Xa na xornada do 28, un novo anticiclón chegaba a Galicia atraendo unha nova masa de aire cálido, neste caso de orixe norteafricana, que deixaba de novo valores moi elevados de

temperatura, con avisos en moitas comarcas por episodios de calor e temperaturas extremas. Este episodio comezou a remitir na derradeira xornada do mes.

2.8. Agosto

O mes de **agosto** quedou caracterizado pola abundancia de situacións anticiclónicas que deixaron estabilidade e con frecuencia puideron achegar masas de aire cálido procedentes do sur da península Ibérica e mesmo do norte de África. Isto configura un mes con escaseza de **precipitacións** e **temperaturas** moito máis elevadas que as características de agosto, cualificándose como **moi seco** e **moi cálido**.

Así, o mes comezaba na xornada do día 1 cunha situación anticiclónica feble, que deixaba ceos nubrados pola mañá, abríndose claros pola tarde. Ese anticiclón foise consolidando nos seguintes días e, nas xornadas do 3 e o 4, as temperaturas superaban xa con amplitude os 30°C en puntos do sur, chegando a aviso amarelo por temperatura o día 4 a zona do Miño de Ourense. O día 5 foi de transición, con entrada dalgunhas nubes ao final da xornada.

Unha fronte moi pouco activa rozaba Galicia na xornada do 6, deixando una mañá de nubes e algunhas chuvias moi febles no noroeste, pero xa pola tarde regresaban as altas presións. Ese anticiclón tamén foi gañando forza, deixando un período entre o 7 e o 10 de ceo despexado e calor intenso, con avisos en moitos puntos de Galicia por calor e temperaturas extremas. O día máis caloroso neste período foi o día 10, cando bastantes puntos do interior superaban os 40°C. O día 11, aínda se repetía a situación de intenso calor no interior, pero a chegada de néboas ocasionaba un importante descenso no litoral.

Xa os días 12 e 13, tivemos a visita de sendas fronteas con moi escasa actividade, pero que deixaban aumento das nubes e un descenso das temperaturas, con algunhas chuvias que foron algo máis xeneralizadas na xornada do 13, aínda que a intensidade foi moi escasa en xeral.

De novo, o día 14, volvían as altas presións, comezando un novo período de estabilidade, con sol e calor que se prolongaría ata o día 19, sendo as xornadas do 15 e o 16 as máis calorosas, de novo con avisos por calor e temperaturas extremas en puntos do interior. Esta situación viuse soamente interrompida o día 17 cun aumento das nubes durante a mañá no terzo norte.

O día 20, unha fronte chegaba dende o noroeste, deixando de novo algunhas nubes e chuvias febles na metade norte. Pero foi un cambio moi transitorio, xa que as seguintes 2 xornadas, as altas presións trouxeron, de novo, tempo seco, soleado e elevadas temperaturas.

O día 23, a situación foi intermedia, con nubes e néboas no litoral, pero aínda ceo despexado no interior. Pero, o día 24, chegaba unha fronte algo máis activa. De feito, foi a xornada con máis cantidade de chuvia e menos temperatura de todo o mes no conxunto de Galicia.

O día 25, as altas presións entraban en forma de cuña dende os Azores, achegando novamente estabilidade. O máis destacado desta xornada foron as baixas temperaturas do principio do día provocadas polo arrastre de aire frío da fronte do día anterior. Ese anticiclón caracterizou a meteoroloxía de Galicia entre ese 25 e o 27.

Xa a partir do 28, as situacións foron máis intermedias. Aínda que en superficie predominaba o anticiclón, os ventos do norte e a presenza de aire frío en altura alteraban a estabilidade atmosférica. Isto deixou, nos últimos catro días, un tempo caracterizado polas nubes baixas e algunhas chuvias no terzo norte, que, en puntos da comarca da Mariña, caían con persistencia. Mentres, no interior, a situación quedaba máis determinada polos ceos abertos e as temperaturas aínda elevadas, que contrastaban co aire frío en altura provocando algúns fenómenos tormentosos illados durante as tardes nas xornadas do 29 e o 31.

2.9. Setembro

A chegada de borrascas frías e activas para esta época do ano durante a primeira e a última semana condiciona o balance de **setembro**, xa que, aínda que as semanas intermedias foron algo máis secas e cálidas, non cancelaron as anomalías do principio e fin de mes. Isto configura un mes de setembro con **temperaturas** moi por baixo e **precipitacións** moi por riba do agardado, resultando un mes **moi frío e moi húmido**.

Deste xeito, o día 1, tivemos unha xornada solleira nas horas diúrnas, pero, xa nas últimas horas do día, a chegada dunha fronte deixaba algunhas precipitacións que se estenderon durante a mañá do día 2.

Os días 3 e 4 foron anticiclónicos, pero os ventos do norte deixaban algunhas nubes e temperaturas baixas na metade norte, quedando o sur cos ceos máis despexados e temperaturas acaídas para a época do ano.

Xa o día 5, comezaba a achegarse unha zona de aire frío en altura que, pola tarde, ocasionaba algunhas chuvias na metade norte. Estas chuvias foron xeneralizadas e, por momentos, intensas na xornada do 6, cando, ademais, as temperaturas foron baixas en toda Galicia. Durante a xornada do 7, esa zona de aire frío foise movendo cara ao leste, polo que a estabilidade foi pouco a pouco dominando a situación e deixando un cese de chuvia e unha apertura de claros.

Os días 8, 9 e 10 foron relativamente tranquilos, con máis nubes no norte ca no sur, pero, en xeral, con tempo seco. Pero nas xornadas do 11 e o 12, chegaba unha nova fronte dende o norte, ocasionando a aparición dalgunhas chuvias de carácter feble.

O día 13 foi de transición e, a partir do 14, quedamos, ata o día 18, baixo a influencia das altas presións, con estabilidade e presenza de aire cálido procedente do sur. Tivemos, tamén, nestas xornadas, ventos do nordés no extremo norte, por momentos fortes, que deixaron os termómetros en valores baixos no terzo norte, ocasionando un importante contraste térmico en Galicia, con máis temperatura canto máis ao sur.

Durante as xornadas do 19, 20 e 21, a inestabilidade propiciada pola nova aparición de aire frío en altura deixaba unha situación de chuvascos, máis frecuentes durante a mañá do 20 na provincia de Ourense, sendo máis dispersos, pero localmente fortes, o 21. Nas xornadas do 22 e 23, apenas tivemos chuvascos, pero estes volveron na xornada do 24 coa chegada dunha fronte.

A chuvia foi especialmente protagonista na tarde-noite do 25 e na madrugada e primeiras horas do 26, cando a combinación da borrasca *Aitor* cun río atmosférico moi cargado de humidade deixaba chuvias moi intensas, especialmente na metade sur de Galicia, con acumulados en moitas comarcas superando os 100 mm, localmente os 150 mm, en 24 horas.

O día 27 tivemos unha transición, sendo un día frío con algúns chuvascos. Os días 28 e 29, tivemos borrascas pasando moi preto de Galicia, deixando algunhas precipitacións no oeste da Coruña, pero tempo seco e temperaturas relativamente elevadas no resto.

E, no último día do mes, os ventos húmidos do oeste provocaron unha situación de ceo nubrado e chuvias febles no oeste, quedando seco e con nubes e claros no leste.

2.10. Outubro

O mes de **outubro** quedou caracterizado pola frecuente chegada de borrascas activas na primeira metade do mes, quedando a segunda metade con maior alternancia entre situacións de inestabilidade e anticiclónicas. As borrascas activas da primeira semana foron suficientes para acumular cantidades de **precipitación** superiores ás medias climáticas en outubro, resultando un mes **moi húmido**, pero tamén deixaron **temperaturas** elevadas, especialmente as mínimas ao quedar os ceos nubrados e soprar ventos do sur, considerándose o mes como **moi cálido**.

Así, nas primeiras dúas xornadas do mes, tivemos a chegada dun río atmosférico que deixou precipitacións persistentes e de intensidade moderada, especialmente o día 2, cando se activaron alertas por acumulacións de chuvia.

Nos dous días seguintes, a situación foi máis estable, sen apenas precipitacións, aínda que, xa ao final do día 4, comezamos a notar os efectos dun novo río atmosférico que deixou cantidades elevadas de chuvia ao longo do día 5. A xornada do 6 foi de chuvascos, que neste caso caeron con reiteración no noroeste de Galicia. Esa inestabilidade se repetía, tamén, o día 7.

E, xa a partir do mediodía do 8, quedamos no radio de acción dos restos do furacán *Kirk*, que deixou, na tarde-noite do día 8 e na primeira metade do 9, un episodio de ventos moi fortes e chuvias persistentes e, por momentos, de forte intensidade. Unha vez que os restos dese furacán se afastaron de Galicia, a xornada do 10 foi algo máis tranquila, pero, o día 11, unha nova fronte bastante activa atravesaba de novo o territorio galego.

Os seguintes catro días, 11, 12, 13 e 14, foron de estabilidade atmosférica, pero as baixas presións atlánticas volvían deixar chuvias na xornada do 15. Os días 16 e 17 quedaron caracterizados polas chuvias intermitentes e o descenso das temperaturas, e, na xornada do 18, os ventos cambiaban novamente a compoñente oeste, deixando un día de moita humidade e ambiente máis suave.

O día 19, o paso dunha fronte cálida e outra fría deixaba unha situación, de novo, con chuvias persistentes e xeneralizadas. Sen solución de continuidade, Galicia quedaba, nas xornadas do 20 e o 21, na influencia dun centro de baixas presións moi profundo, localizado ao oeste de

Irlanda e que collía a Galicia no límite do seu radio de acción, deixando un novo episodio de chuvias e ventos intensos.

Os días 22 e 23 foron anticiclónicos, máis secos, cun contraste de temperatura entre as madrugadas frías e as primeiras horas das tardes máis suaves.

O derradeiro episodio de chuvia do mes chegaba durante a tarde do 24, prolongándose a inestabilidade os días 25 e 26, cando, ademais, os ventos do norte achegaron aire frío, ocasionando un importante descenso das temperaturas e polo tanto a aparición das primeiras folepas de neve por riba dos 1400 metros.

Nos derradeiros cinco días do mes, a situación foi anticiclónica, con tempo seco e, novamente, cun importante contraste entre as temperaturas nocturnas e as diúrnas, as cales acadaban valores máis altos do habitual para esta época do ano.

2.11. Novembro

O mes de **novembro** quedou moi caracterizado pola presenza das altas presións ao norte de Galicia. Este anticiclón impediu que moitas das borrascas que circulaban polo Atlántico puidesen afectarnos e, ademais, foi quen de achegar masas de aire máis cálidas do habitual nesta época do ano. Isto explica que a **temperatura media** do mes amose unha importante anomalía positiva, cualificándose o mes como **o máis cálido da serie histórica**, mentres que a **precipitación acumulada** quedou algo por debaixo da normalidade, resultando un mes **seco**.

Así, o mes comezaba con esas altas presións ao norte, pero aínda restos de aire frío en altura, polo que os dous primeiros días do mes tivemos nubes de tipo medio e alto e algún chubasco ocasional en puntos do sur, todo isto con temperaturas elevadas.

Xa o día 3, o aire frío en altura desaparecera e quedabamos co anticiclón e, polo tanto, cunha xornada de ceo aberto e moi boa temperatura.

Na xornada do 4, a chegada dos restos da tormenta tropical *Patty* deixaba algúns chuvascos, pero de escasa importancia, e, aínda o día 5, algún último chubasco moi ocasional.

Na xornada do 6, novamente recuperabamos a influencia das altas presións, que nos deixaban dúas xornadas, de novo, de tempo seco e temperaturas elevadas para o mes de novembro.

Durante as seguintes 3 xornadas, 8, 9 e 10, quedamos en situacións máis intermedias, con aumento da inestabilidade e polo tanto algunhas precipitacións, aínda que non foron moi xeneralizadas nin intensas.

Os seguintes 4 días foron anticiclónicos, pero con ventos do nordés e polo tanto cunha importante baixada das temperaturas e da sensación térmica, especialmente nas xornadas do 12 e o 13. Tamén houbo algún chubasco ocasional en puntos do sur pola presenza de novo de aire frío en altura sobre a península Ibérica.

Esta zona de aire frío xa convertida en borrasca desprendida si afectou a Galicia na xornada do 15 con algún chubasco ocasional, quedando as xornadas do 16, 17 e 18 novamente baixo a influencia anticiclónica, con tempo seco e temperaturas elevadas.

Os días 19 e 20 a situación era intermedia con algo máis de inestabilidade, baixada de temperatura e algunha chuvia feble en comarcas atlánticas. A xornada do 21 tivemos a chegada da borrasca *Caetano* que deixaba avisos amarelos por vento e chuvia, principalmente no norte da Comunidade. O día 22, a estabilidade foise impoñendo, polo que as chuvias foron escasas, aínda que as temperaturas descenderon considerablemente.

E, nas xornadas do 23 e 24, Galicia quedou novamente na influencia das baixas presións, neste caso a borrasca *Bert*, que deixaba fortes ventos durante toda a fin de semana, con avisos laranxa en puntos do litoral e zonas altas do interior e unha fronte de chuvia moi activa que atravesaba a comunidade galega na noite do 24.

O día 25 tivemos aínda algúns chuvascos, pero xa, tanto o vento como a chuvia, quedaban moi por debaixo dos limiares de aviso.

A estabilidade ía progresivamente en aumento o 26, para deixar nas últimas 4 xornadas do mes un tempo seco, con tardes soleadas e temperaturas bastante máis altas do que correspondería a época do ano, especialmente nos valores máximos diúrnos.

2.12. Decembro

Durante este mes de **decembro** as situacións de altas presións foron máis frecuentes do que cabería agardar nesta época do ano. Isto fai que as **precipitacións** rexistradas estean bastante por debaixo do valor climatolóxico, especialmente no sueste da Comunidade, considerándose un mes **moi seco**. En canto ás **temperaturas**, os valores medios estiveron próximos aos habituais ou lixeiramente por riba, xa que, aínda que durante os períodos

anticiclónicos ocorren importantes descensos térmicos durante as madrugadas, os valores diúrnos foron moi altos para un mes de decembro, resultando un mes **cálido**.

A pesar das situación anticiclónicas, o mes comezaba baixo a influencia dunha borrasca bastante activa, con chuvias especialmente intensas no cuadrante noroeste.

Durante o día 2, as altas presións estabilizaban a situación, rexistrándose chuvias moi escasas no norte, pero, de novo, o día 3, unha fronte pouco activa deixaba algunhas chuvias pola tarde.

Durante as seguintes tres xornadas Galicia quedaba en situacións intermedias, con ventos do oeste que achegaban masas de aire morno pero con moita humidade o que no oeste deixaba nubes e algunhas chuvias febles.

Na madrugada do 7, unha fronte atravesaba Galicia, deixando chuvia e arrastrando unha masa de aire frío que facía caer os termómetros con forza durante a tarde. O día 8, producíanse algúns chuvascos no norte, que en cotas por riba dos 1000 metros eran en forma de neve, unha situación que persistía tamén nas xornadas do 9 e o 10.

O período entre o 11 e o 16 foi de tempo anticiclónico. As características xerais foron as temperaturas baixas e os ceos abertos con néboas no interior. Soamente na xornada do 13, tivemos máis nubes e mesmo algunhas chuvias no oeste por mor da presenza de aire frío en altura.

Esta situación anticiclónica quedou truncada na xornada do 17 coa chegada dunha fronte que deixaba ventos fortes e algunhas chuvias no cuadrante suroeste da Comunidade. Estas chuvias foron máis xeneralizadas e intensas ao día seguinte coa chegada dunha nova fronte que ocasionaba un aviso amarelo por acumulacións de chuvia e ,que nalgúns puntos concretos do sur da provincia da Coruña, chegou a superar os 100 l/m² ao longo do día.

Pero, xa co avance do día 19, as altas presións foron entrando novamente en Galicia. Aínda nas xornadas do 20, 21 e 22, o anticiclón mantívose ao oeste, achegando aire húmido, polo que, a pesar desas altas presións, as nubes e algunhas chuvias febles, máis frecuentes na metade norte, foron as características predominantes. Non foi ata o día 23, cando esas altas presións se situaron ao norte da península Ibérica, deixando, desde esa posición, moita estabilidade. Agás puntos de val do interior, onde predominaban as néboas, o tempo entre o 23 e o 26 quedou caracterizado polos ceos abertos e o ambiente suave pola tarde.

No período entre o 27 e o 30, continuaron esas altas presións , pero nas capas medias e altas da atmosfera tivemos aire frío, o que propiciou un aumento da nebulosidade. Esa zona de aire frío desapareceu na derradeira xornada do mes, quedando unha xornada de tempo seco e solleiro, pero con néboas en puntos do interior e temperaturas baixas en xeral.

3 BALANCE DA TEMPERATURA NO ANO 2024 EN GALICIA

Neste documento vanse tomar os criterios da **Táboa 1** para asignar unha categoría aos distintos meses segundo a temperatura. Emprégase para isto os percentiles obtidos da serie rexional no **período 1981-2010**. Este mesmo criterio é o que ven sendo considerado nos distintos informes climatolóxicos mensuais ao longo do ano 2024.

Temperatura	
Categoría	Percentil
extremadamente frío	$T < T_{min\ 1981-2010}$
moi frío	$T_{min\ 1981-2010} \leq T < P_{20}$
frío	$P_{20} \leq T < P_{40}$
normal	$P_{40} \leq T \leq P_{60}$
cálido	$P_{60} < T \leq P_{80}$
moi cálido	$P_{80} < T \leq T_{max\ 1981-2010}$
extremadamente cálido	$T > T_{max\ 1981-2010}$

Táboa 1: Categorización en función dos percentiles de temperatura da serie 1981-2010

En **xaneiro**, os valores medios, tanto no caso das temperaturas mínimas como das máximas, amosan anomalías positivas, con valores moi superiores aos que cabería agardar. Este comportamento débese esencialmente ao anticiclón dos derradeiros dez días do mes, xa que nas semanas anteriores os valores eran típicos desta época do ano, oscilando en función da entrada de diferentes masas de aire. Deste xeito, o valor medio da temperatura media foi 9.9°C. A anomalía media da temperatura para este mes de xaneiro, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi 1.9°C superior ao valor normal climatolóxico, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como **extremadamente cálido**. Se tomamos como referencia a media das temperaturas mínima e máxima, con anomalías positivas de 2.1 e 1.8°C, respectivamente, o mes considérase, tamén, extremadamente cálido. Xaneiro de 2024 pasa, polo tanto, a ocupar a **segunda posición na serie histórica**, co precedente máis cálido no ano 1966.

En **febreiro**, as temperaturas media foron, tamén, moito máis alta das que cabería agardar, xa que durante os dous períodos anticiclónicos de principios e mediados do mes tivemos a presenza de aire cálido, que deixaba valores elevados, e os períodos de borrascas e inestabilidade non conseguiron cancelar esa anomalía. Así, o valor medio da temperatura

media foi 11.1°C. A anomalía media da temperatura para este mes de febreiro, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi 2.4°C superior ao valor normal climatolóxico, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como **moi cálido**. Se tomamos como referencia a media das temperaturas mínima e máxima, con anomalías positivas de 2.8 e 2.0°C, respectivamente, o mes considérase, tamén, moi cálido. O precedente máis cálido atopámolo no ano 2020.

Nun mes tan cambiante como **marzo**, a temperatura media estivo por debaixo do agardado, debido, principalmente, aos baixos valores da temperatura máxima durante os períodos fríos acontecidos nos primeiros dez e nos derradeiros sete días do mes. Soamente experimentamos un período cálido de curta duración entre os días 17 e 24 que non contrarrestou a anomalía negativa de principios e finais do mes. En definitiva, o valor medio da temperatura media foi 10.6°C, mentres que o valor medio da anomalía de temperatura media foi -0.2°C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como **(lixeramente) frío**. Tendo en conta a temperatura mínima, marzo é cálido, cunha desviación positiva respecto aos valores climáticos de 0.7°C, mentres que para a máxima, cunha desviación de -1.1°C, resulta un mes frío. O precedente máis frío data do ano 2018.

En **abril**, o valor medio da temperatura quedou ben por riba do que sería un valor normal. A pesar de que a principios e finais do mes os valores de temperatura foron baixos, as altas temperaturas rexistradas nas dúas semanas centrais, en especial as máximas, elevaron a media, dando lugar a valores positivos na anomalía. O valor medio da temperatura media foi 13.8°C, moi superior a media climática de 11.9°C. Pola súa banda, o valor medio da anomalía de temperatura media para este mes de abril en Galicia, obtida a partir do valor medio das anomalías en once estacións meteorolóxicas representativas, foi +1.9°C, o que fai que o mes se poida considerar, no conxunto de Galicia, como **moi cálido**. Tendo en conta as temperaturas mínima e máxima, abril é, tamén, moi cálido, cunhas desviacións positivas respecto aos valores climáticos de 1.4 e 2.4 °C, respectivamente. O precedente máis cálido foi o pasado ano 2024

No mes de **maio**, as temperaturas medias estiveron algo por debaixo do agardado, xa que soamente tivemos dous períodos anticiclónicos relativamente breves con temperaturas por riba do normal, mentres que os períodos fríos de principios e mediados de mes foron máis prolongados e, polo tanto, predominantes. Deste xeito, o valor medio da temperatura media

foi 14.2°C. O valor medio da anomalía da temperatura media foi -0.2 °C, o que fai que o mes se poida considerar como **(lixeramente) frío**. Tendo en conta a anomalía media da temperatura mínima, cunha desviación positiva de 0.1 °C, maio considérase normal, mentres que para a temperatura máxima, cunha desviación de -0.5 °C, maio resulta frío.

En **xuño**, a temperatura media en Galicia non estivo moi afastada dos valores, aínda que os baixos rexistros das dúas semanas intermedias do mes fan que, en moitos puntos, especialmente da metade norte, a media da temperatura máxima estea por debaixo do agardado. Así, o valor medio da temperatura media foi 17.9°C. O valor medio da anomalía da temperatura media foi +0.2°C, o que fai que o mes se poida considerar como **normal**. Tendo en conta a anomalía media da temperatura mínima, cunha desviación positiva de 0.9°C, xuño considérase moi cálido, mentres que para a temperatura máxima, cunha desviación de -0.5°C, xuño resulta frío.

En **xullo**, a pesar do período relativamente frío que tivemos a mediados do mes, en media, as temperaturas foron máis elevadas do que marca o valor climatolóxico, especialmente polos dous períodos de calor intenso vividos nos derradeiros dez días do mes, que cancelaron as anomalías negativas das xornadas anteriores. O valor medio da temperatura media foi 20.6°C, máis de 1 °C por riba do valor climático de 19.5°C, o que fai que o mes se poida considerar como **moi cálido**. Tendo en conta a anomalía media das temperaturas mínima e máxima, cunha desviación positiva de 0.8 e 1.1 °C, respectivamente, xullo considérase, tamén, moi cálido.

As temperaturas medias durante o mes de **agosto**, tanto as mínimas como as máximas, estiveron por riba da media climatolóxica deste mes. Isto débese ao frecuente arrastre de aire cálido procedente do sur debido ás múltiples situacións anticiclónicas. Este efecto foi particularmente notable no sueste. Así, por exemplo, en Ourense, soamente tivemos dúas xornadas nas que as temperaturas non acadasen os 30°C. O valor medio da temperatura media foi 21.6 °C. O valor medio da anomalía da temperatura media foi +1.6 °C, o que fai que o mes se poida considerar como **moi cálido, o quinto agosto máis cálido desde que hai rexistros**. Tendo en conta a anomalía media das temperaturas mínima e máxima, cunhas desviacións positivas de 1.5 e 1.7 °C, respectivamente, agosto considérase, tamén, moi cálido.

En **setembro**, os valores medios da temperatura estiveron, en xeral, moi por baixo do agardado, xa que predominaron os períodos fríos, especialmente ao principio e a finais do mes, e soamente tivemos unha situación sinóptica, entre o 14 e o 18, que fose cálida na meirande parte da Comunidade. O valor medio, obtido a partir da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional, foi 17.1°C. O valor medio da anomalía da temperatura media foi -1.0 °C, o que fai que o mes se poida considerar como **moi frío**. Tendo en conta a temperatura mínima, setembro resulta normal, cunha desviación negativa respecto aos valores climáticos de -0.4 °C, mentres que para a máxima, cunha desviación de -1.5 °C, resulta un mes moi frío.

A temperatura media estivo por riba do valor climático no mes de **outubro**, notándose máis a anomalía na temperatura mínima. Isto foi así debido á cantidade de xornadas con nebulosidade e ventos do sur que impedían a baixada das temperaturas durante as madrugadas. O valor medio da temperatura media foi 16.2°C. O valor medio da anomalía da temperatura media, obtida a partir do valor medio das anomalías en once estacións meteorolóxicas representativas, foi +1.7°C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como **moi cálido**. Para a temperatura mínima, cunha anomalía de +2.7 °C, o mes considérase extremadamente cálido e para a máxima, cunha anomalía de +0.6°C, o mes considérase cálido.

En **novembro**, as temperaturas medias estiveron moi por riba das agardadas, tanto nos valores mínimos como nos máximos, debido á persistencia das altas presións pero, tamén, a súa posición, que propiciaba a chegada de masas de aire moito máis cálidas do que correspondería a esta época do ano. O valor medio da temperatura media foi 14.2°C. O valor medio da anomalía da temperatura media foi +3.3°C, o que fai deste mes de novembro, **o novembro máis cálido desde que hai rexistros**, superando, deste modo, a novembro de 1983. Para as temperaturas mínima e máxima, cunhas anomalías positivas de 3.3°C, o mes considérase extremadamente cálido, ocupando, tamén, a primeira posición na serie histórica

No mes de **decembro**, as temperaturas, en media, non estiveron moi afastadas do agardado para esta época do ano, aínda que en xeral quedaron algo por riba do valor climático. En xeral, as condicións anticiclónicas que predominaron deixan temperaturas baixas pola mañá, pero altas durante a tarde e isto unido aos días de vento sur con temperaturas elevadas

deixan esta anomalía positiva. O valor medio da temperatura media en 2024 foi 9.5°C. O valor da anomalía media da temperatura, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi +0.8 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como **cálido**. Para as temperaturas mínima e máxima, cunhas anomalías positivas de 0.9 e 0.6°C, respectivamente, o mes considérase, tamén, cálido. O precedente máis cálido foi o ano 2022.

Na **Táboa 2**, preséntanse a categoría asignada a cada mes tendo en conta a temperatura mínima, media e máxima e de acordo aos criterios da Táboa 1.

Categorización mensual segundo as anomalías de temperatura no ano 2024			
Mes	Temperatura mínima	Temperatura media	Temperatura máxima
xaneiro	extremadamente cálido	extremadamente cálido	extremadamente cálido
febreiro	moi cálido	moi cálido	moi cálido
marzo	cálido	(lixeramente) frío	frío
abril	moi cálido	moi cálido	moi cálido
maio	normal	(lixeramente) frío	frío
xuño	moi cálido	normal	frío
xullo	moi cálido	moi cálido	moi cálido
agosto	moi cálido	moi cálido	moi cálido
setembro	normal	moi frío	moi frío
outubro	extremadamente cálido	moi cálido	cálido
novembro	o máis cálido da serie	o máis cálido da serie	o máis cálido da serie
decembro	cálido	cálido	cálido

Táboa 2: Cualificación mensual en función das temperaturas mínima, media e máxima con respecto ao período de referencia 1981-2010

3.1. Temperatura media anual das máximas

O valor medio anual da temperatura máxima en Galicia, obtido a partir dos valores do mapa da **Figura 1**, foi 18.1°C. Os valores máis altos, de entre 21.2 e 22.8°C, rexistráronse, principalmente, na Depresión de Ourense. Os valores máis baixos, comprendidos entre 12.8 e 14.4°C, rexistráronse nas zonas máis elevadas da Comunidade, como as Serras de Queixa ou de Eixe.




Figura 1: Mapa de temperatura media anual das máximas (°C) no ano 2024

3.2. Temperatura media anual das mínimas

O valor medio anual da temperatura mínima en Galicia, obtido a partir dos valores do mapa da **Figura 2**, foi 8.8°C. Os valores máis baixos, comprendidos entre 4.6 e 5.9°C, rexistráronse nas Serras de Queixa, de Eixe e, tamén, de Larouco. Pola contra, os valores máis altos, de entre 12.0 e 13.3°C, rexistráronse, principalmente, nas Rías de Vigo e Pontevedra.




Figura 2: Mapa de temperatura media anual das mínimas (°C) no ano 2024

3.3. Anomalía media anual da temperatura media

No mapa de anomalías de temperatura media, obsérvase, en conxunto, unha desviación positiva con respecto á media do período 1981-2010 en toda a Comunidade. O valor medio da anomalía de temperatura media no conxunto de Galicia, segundo os valores do mapa da **Figura 3**, foi 0.9°C. Os valores máis altos superaron os 3.0°C nos arredores da Serra do Courel. Os valores máis baixos oscilaron entre 0.0 e 0.5°C e localízanse, dun modo algo máis extenso, sobre a comarca de Santiago e na Depresión de Lemos.




Figura 3: Mapa da anomalía da temperatura media anual (°C) no ano 2024

4 BALANCE DA PRECIPITACIÓN NO 2024 EN GALICIA

No caso da precipitación (e ao igual que na temperatura), empregaranse os percentiles obtidos da serie rexional no período 1981-2010. Os intervalos das distintas categorías móstranse na **Táboa 3**. Este mesmo criterio é o que ven sendo considerado nos distintos informes climatolóxicos mensuais ao longo do ano 2024.

Precipitación	
Categoría	Percentil
extremadamente seco	$PP < PP_{min} 1981-2010$
moi seco	$PP_{min} 1981-2010 \leq PP < P20$
seco	$P20 \leq PP < P40$
normal	$P40 \leq PP \leq P60$
húmido	$P60 < PP \leq P80$
moi húmido	$P80 < PP \leq P_{max} 1981-2010$
extremadamente húmido	$PP > P_{max} 1981-2010$

Táboa 3: Categorización en función dos percentiles de precipitación da serie 1981-2010

En **xaneiro**, a precipitación acumulada quedou, en xeral, moi preto dos valores que cabería agardar nesta época do ano, xa que as sucesivas borrascas que tivemos nas primeiras semanas, destacando *Henk*, *Hipólito* ou *Irene*, deixaron cantidades moi apreciáveis e, ademais, de xeito moi xeneralizado. A precipitación media acumulada, obtida a partir da precipitación media en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas foi 150 L/m². A anomalía media das precipitacións foi un 5 % superior ao valor climático normal, o que fai que o mes poida considerarse **normal**.

En **febreiro**, a pesar de que o número de días de chuvia estivo moi achegado á normalidade, as cantidades acumuladas son superiores, xa que houbo xornadas nas que as chuvias foron moi cuantiosas, singularmente na xornada do día 8 e no período entre o 22 e o 25. Deste xeito, a precipitación media acumulada ascendeu a 196 L/m² e a anomalía media das precipitacións, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi un 64 % superior ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse como **moi húmido**, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O precedente máis húmido foi o ano 2021.

En **marzo**, a precipitación acumulada estivo moi por riba do agardado. Isto débese a que as precipitacións rexistradas foron frecuentes, persistentes e cuantiosas nos primeiros dez días e nalgúns puntos xa superaban os valores climáticos do mes. Ademais, as precipitacións da derradeira semana viñeron a incrementar ese superávit de precipitación. A cantidade media de precipitación foi 238 L/m². O valor medio da anomalía da precipitación foi un 148 % superior ao valor climático normal, o que fai que o mes poida considerarse como **moi húmido**, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O ano 2018 é o precedente máis húmido.

No mes de **abril**, a precipitación acumulada estivo, en xeral, dentro do rango de valores climatolóxicos normais. Isto débese a que entre os períodos nos que se rexistraron importantes precipitacións, sobre todo en zonas do oeste de Galicia, tivéramos un longo intervalo de tempo seco, polo que as cantidades totais se aproximan moito ás que deberían ter caído nun mes de abril. A precipitación media acumulada marcou 102 L/m² e o valor medio da anomalía da precipitación foi un 8 % inferior ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse como **normal**, tendo en conta o conxunto da Comunidade.

En **maio**, as precipitacións acumuladas estiveron moi por riba do agardado. Isto débese a que o mes comezaba con chuvias intensas e xeneralizadas, polo que houbo lugares que nos primeiros 5 días tiñan xa a cantidade de precipitación acumulada que se podería acadar en todo o mes. Por tanto, as precipitacións no período entre o 13 e o 22 explican este exceso de precipitación. A cantidade media de precipitación foi 171 L/m². O valor medio da anomalía da precipitación foi un 78 % superior ao valor climático normal. Isto fai que este de mes de maio poida considerarse como **moi húmido**, pasando a ocupar o **quinto lugar na serie histórica**. O precedente máis húmido remóntase ao ano 1997.

Os valores acumulados de precipitación non presentan desviacións moi significativas con respecto aos valores agardados en **xuño**, aínda que, moitos días, esas precipitacións tiveron un carácter tomentoso e, polo tanto, unha distribución irregular e algunhas zonas concretas superan os valores climatolóxicos, mentres que outras están algo por debaixo.

Xullo é, dende o punto de vista da climatoloxía, o mes máis seco do ano. Isto fai que a chegada dalgunhas fronteas bastante activas a mediados do mes e a presenza de tormentas importantes no interior da Comunidade na xornada do 30 sexan suficientes para que as chuvias acumuladas en moitos puntos superen os rexistros que cabería agardar neste mes.

do ano. O valor medio da precipitación acumulada foi 34 L/m², exactamente a mesma cantidade ca media climática de xullo no período 1981-2010, o que fai que este mes de xullo poida considerarse como **normal**. O valor medio da precipitación acumulada en 2024 foi 58 L/m². O valor medio da anomalía da precipitación foi un 14 % superior ao valor climático normal, polo que o mes de xuño pode considerarse como **(lixeramente) húmido**. O precedente máis húmido foi o pasado ano 2024.

En **agosto**, as precipitacións foron, en xeral, escasas ou, dependendo do lugar, nulas. Este déficit é moito máis acusado no interior, especialmente no sueste. Pola contra, no noroeste, as fronteiras que foron rozando Galicia, e no norte, as nubes de estancamento, si chegaron a deixar precipitacións, no último caso, de xeito máis salientable. A precipitación media acumulada foi 11 L/m², moi por baixo do valor climatolóxico. O valor medio da anomalía da precipitación, obtida a partir do valor medio das anomalías en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas foi un 71 % inferior ao valor climático normal. Isto fai que este mes de agosto poida considerarse como **moi seco**, tendo que remontarnos ata o ano 2013 para atopar un agosto máis seco.

O mes de **setembro** tivo un importante superávit de precipitación. Este balance está plenamente marcado polo río atmosférico que, durante a tarde-noite do 25 e a mañá do día 26, deixaba cantidades de chuvia que, en moitos lugares, xa darían conta da cantidade que agardamos para todo o mes. Se a isto lle engadimos as precipitacións caídas na primeira semana do mes e as fronteiras e os chuvascos tormentosos da última, teríamos explicado ese exceso de precipitacións. O valor medio da precipitación acumulada foi 123 L/m². O valor medio da anomalía da precipitación foi un 62 % superior ao valor climático normal, o que fai que o mes resulte **moi húmido**. Hai que retroceder ata setembro de 1999 para atopar o precedente máis húmido.

En **outubro**, a precipitación acumulada superou con claridade os valores agardados. A chegada de varios ríos atmosféricos ao principio do mes e os restos do furacán *Kirk* explican boa parte desta anomalía, xa que foron xornadas con cantidades de chuvia moi elevadas. A cantidade de precipitación media foi 261 L/m² e a anomalía media das precipitacións foi un 53 % superior ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse como **moi**

húmido, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O precedente máis húmido atopámolo en outubro do pasado ano 2024.

As precipitacións quedaron algo por debaixo do que cabería agardar en **novembro**. Si tivemos episodios de precipitación e chegada de fronteiras, pero estas non foron tan frecuentes e activas como noutros novembros anteriores. Así, o valor medio da precipitación acumulada foi 105 L/m². A anomalía media das precipitacións foi un 37 % inferior ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse **seco**, co precedente máis seco en 2021.

En **decembro**, as precipitacións acumuladas foro inferiores ás agardadas, sobre todo no sueste da Comunidade. Isto débese a que a chegada de borrascas foi escasa e, aínda que tivemos días a principios e mediados do mes con chuvias intensas, decembro é o mes climatoloxicamente máis chuvioso do ano e, polo tanto, non abundaron esas xornadas con moita chuvia para chegar aos valores climáticos. A cantidade media de precipitación foi 78 L/m². A anomalía media das precipitacións foi un 60 % inferior ao valor climático normal, o que fa que o mes poida considerarse como **moi seco**. O precedente máis seco foi o ano 2016.

Na **Táboa 4**, preséntanse a categoría asignada a cada mes tendo en conta a precipitación acumulada e segundo os criterios da Táboa 3.

Resumo mensual anomalías de precipitación no ano 2024	
Mes	Cualificación
xaneiro	normal
febreiro	moi húmido
marzo	moi húmido
abril	normal
maio	moi húmido
xuño	(lixeramente) húmido
xullo	normal
agosto	moi seco
setembro	moi húmido
outubro	moi húmido
novembro	seco
decembro	moi seco

Táboa 4: Cualificación mensual en función da precipitación acumulada con respecto ao período de referencia 1981-2010

4.1. Precipitación media anual acumulada

Segundo os valores do mapa da **Figura 4**, a precipitación media acumulada foi 1700 L/m². Os acumulados máis altos déronse ao longo das Serras Litorais, con valores que superaron nalgúns casos os 3000 L/m². A menor cantidade de precipitación non chegou aos 800 L/m² en áreas dos vales máis orientais da provincia de Ourense, do val do río Támega e da Depresión de Lemos.




Figura 4: Mapa de precipitación media acumulada (L/m²) no ano 2024

4.2. Anomalía da precipitación media

No mapa da **Figura 5**, pódese ver a porcentaxe de precipitación no ano 2024 con respecto aos valores climáticos, sendo o 100 % o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego, segundo os valores do mapa, foi un 20 % superior ao período de referencia 1981-2010. A distribución das porcentaxes de precipitación presenta, en xeral, zonas húmidas ou moi húmidas, agás en grandes áreas da metade leste de Ourense, onde se observan zonas secas. As porcentaxes de precipitación máis altas acadáronse no val do río Navia, onde caeu preto dun 100 % máis de precipitación do agardado. Pola contra, nas zonas máis secas da provincia de Ourense, o déficit de precipitación esta arredor dun 20 % menos de precipitación do normal.




Figura 5: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 no ano 2024 (100% é o valor normal)

5 EVOLUCIÓN DA TEMPERATURA MEDIA ANUAL NO PERÍODO 1961-2024

O ano 2024 considérase **extremadamente cálido**, cunha temperatura media anual para a serie rexional de 14.7°C (**Figura 6**) e unha desviación positiva de 1.1°C con respecto ao valor medio da serie no período 1981-2010 (**Figura 7**). Con respecto á media da temperatura mínima, cunha anomalía positiva de 1.4°C, o ano resulta o máis cálido desde que hai rexistros e con respecto á media da temperatura máxima, cunha desviación de 0.8°C, o ano resulta moi cálido.




Figura 6: Evolución da temperatura media anual (°C) ao longo do período 1961-2024




Figura 7: Anomalía da temperatura media anual (°C) ao longo do período 1961-2024 con respecto ao período climático 1981-2010

6 EVOLUCIÓN DA PRECIPITACIÓN MEDIA ANUAL NO PERÍODO 1961-2024

A precipitación media rexistrada para a serie rexional foi 1469 L/m² (**Figura 8**), o que supoñe unha desviación respecto ao valor medio da serie no período 1981-2010 un 14 % superior ao normal (**Figura 9**). Segundo os criterios da Táboa 3, este ano 2024 foi **húmido**. Para atopar un ano máis húmido temos que remontarnos ata o ano 2023.




Figura 8: Evolución da precipitación media anual (L/m²) ó longo do período 1961-2024




Figura 9: Anomalía da precipitación media anual (%) ao longo do período 1961-2024 con respecto ao período climático 1981-2010